

A SANIDADE PRIVADA EN LOITA

27 DE XUÑO FOLGA

NON É UNHA NEGOCIACIÓN É UNHA BURLA

Un convenio con 17 meses de atrasos, unha postura da patronal que podemos cualificar de todo menos negociadora, si provocadora. Dita posición intransixente ven manifestarse, case reunindo as características de farsa, na xuntanza da comisión negociadora do día 20 de xuño, a patronal presentase na mesa para dicir que non move a súa postura e aposta polo conflito e , votándolle moito rostro, ven a censurar e señalar a súa molestia pola convocatoria de medidas de presión. Diante deste postura unha representación dos traballadores que en aras do acordo flexibilizou a súa postura, pero que non poden permitir que se lles diga, taxativamente, que ou toman ou o deixan, que non pode permitir que o convenio non avance, aínda moderadamente, a unhas condicións de traballo homologables coa sanidade pública. Po elo os representantes dos traballadores vense empuxados a convocar folga o 27 de xuño, dende as 8 horas ás 22 horas (nalgún centro, de 7 a 23 horas).

Mantemos a recomendación de que a folga se sufrague solidariamente.

**NON RENUNCIEMOS A UN DEREITO CONSTITUCIONAL.
POR UN CONVENIO XUSTO, NO INTERESE DE TOD@S
TOD@S Á FOLGA**

UGT CC.OO. CIG